

## Técnica milenaria

**A**técnica de incrustar lamiñas de madeira nunha superficie de cores diferentes xorde co cuatrocento italiano; de aquí pasa a España onde se desenvolve cunha gran profusión sobre a base do mundo árabe. En taracea fixérонse infinidade de mobles españois como as arquetas ou os bargueños. A obra de Florentina Vázquez, exposta estes días na fundación Araguaney, permítenos ver cómo esta técnica perviviu ata a actualidade.

Florentina Vázquez aínda que instalada en Arxentina onde reside e realiza a súa produción artística, ten raíces ourensás.

Para entende-lo seu quefacer temos que remontarnos á súa orixe e sinalar un feito clave e é que vai medrar nun serradoiro, entre madeiras. Toda a súa obra vai estar unida a este material e a esta terra. Traballar coa madeira vai ser un modo de enaltecer, de converter aquel soño da súa nenez en realidade. Na súa obra interpreta o sentir da súa terra soñada a base de paisaxes aínda que sen esquece-la figura humana. Soamente tendo en conta que naceu im-

pregnada polo mundo da madeira, se pode explicá-lo dominio que manifesta no seu tratamento. Esta habilidade, unida ó profundo coñecemento que posúe dela, dá como resultado un labor autenticamente creador, dotado dunha expresividade propia que responde a unha orixinal concepción e factura, ó tempo que manifesta unha enorme delicadeza estructural e unha ben orquestrada fantasía ornamental. As vetas das más exóticas madeiras das que se serve, respectando iso si os seus semblantes naturais, proporcionanlle un colorido variado que non necesitan ningún aditamento porque falan e crean un ambiente por elas mesmas. Serrando no seu particular serradoiro converte como a fada madriña do conto a simple e cotiá "madeira do fogar" na máis nobre arte. Xogando con estas pequenas pezas vai compoñendo uns quebracabezas que respiran sensibilidade, calor e meco.

*Fátima Otero*